



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES PARA A CESIÓN DE ESPACIOS NA FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2009

COMPARECEN

Dunha parte, D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da USC, actuando en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Doutra parte D^a M^a Luz González González, actuando en calidad de Presidenta da Asociación de Altas Capacidades de Galicia (en adiante ASAC), con CIF G-15515588 e domicilio social na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema productivo.

Segundo.- Que segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Terceiro .- Que ASAC ten entre os seus obxectivos promover unha educación axeitada ás persoas con Altas Capacidades, favorecendo unha axeitada formación tanto ás familias como ós profesionais vencellados co tema, potenciando as investigacións en Altas Capacidades. Igualmente, promove a mellora da calidade de vida das asociadas e asociados nos niveis educacional, cultural, deportivo, procurando a integración das persoas con Altas Capacidades no seu entorno social.

Cuarto.- Que no marco do convenio subscrito entre a USC e a ASAC, acordan asinar o presente convenio específico coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO CONVENIO

O obxecto deste acordo é a cesión gratuíta de espacios no edificio da Facultade de Psicoloxía, propiedade da USC, para que a asociación ASAC desenvolve o seu programa de enriquecemento, baixo a coordinación das responsables da Unidade de Estudio e Investigación en Superdotación da USC.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A USC porá a disposición de ASAC, de xeito gratuíto, as aulas e/ou seminarios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades. Estas terán lugar os sábados, en horario de mañá e cunha periodicidade quincenal ou semanal, dependendo das necesidades da Unidade de alta capacidade e superdotación, tendo en conta que non se interfira nas actividades propias do centro.

Para a posible compensación económica que proceda aboar ó persoal de conserxería pola apertura do centro na fin de semana, deberase estar ás "Normas de xestión para a cesión temporal de espacios da USC".

Respectaranse, en todo caso, as necesidades e prioridades da Facultade de Psicoloxía.

A ASAC comprométese a coidar das instalacións e o mobiliario e equipamento que conteñan e a mantelas en perfecto estado de conservación.

TERCEIRA.- ESTABLECIMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Para facilitar o seguimento, interpretación e cumprimento do actual convenio, constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada pola directora da Unidade para o Estudio e Investigación en Superdotación ou persoa na que delegue, en representación da USC, e por M^a Luz González González, presidenta de ASAC ou persoa na que delegue.

A Comisión Mixta dictara as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algúnhha das partes.

CUARTA.- PERSOAL

O persoal de ASAC non terá ningunha relación laboral coa USC. Os gastos que xere a actividade da Asociación serán do seu cargo.

QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo terá a mesma vixencia que o convenio marco.


SEXTA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicándoo por escrito á outra parte con dous meses de antelación á data no que o vaia dar por rematado.

SÉTIMA.- XURISDICCIÓN

ASAC e a USC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio ós Xulgados da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, dado o carácter público da Universidade de Santiago de Compostela.





E, en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola Asociación de Altas Capacidades
A presidenta

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Mª Luz González González". It is positioned next to a large, faint watermark-like image of the university's seal.

Mª Luz González González

Pola Universidade de Santiago de
Compostela
O reitor

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Senén Barro Ameneiro". It is positioned next to the university's official seal.

Senén Barro Ameneiro